



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/37	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	14 de agosto de 2017
Duración	Desde as 9:15 ata as 9:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA:		



Concello de Cangas

«Delegación de Alcaldía por Resolución de data 9.8.2017 (expte. nº 5329/2017)»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 7 de agosto de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 7 de agosto de 2017.

Expediente 5328/2017. Solicitud sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude realizada por A. M. R., para sinalización de paso de peóns para cruzar a rúa Concepción Arenal desde O Espírito Santo hacia a Avda. de Ourense, apróbase xa que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

Expediente 5314/2017. Solicitud renovación pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de renovación por deterioro de pasaxe permanente nº 696 realizada por M.P. M., apróbase xa que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

Expediente 5129/2017. Solicitud sinalización

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 4942/2017. Solicitud sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Vista a solicitude presentada por F. P. B. para sinalización horizontal e instalación de sinal vertical de prohibido aparcar na confluencia da rúa dos Castiñeiros co Camiño da Choupana, apróbase a sinalización solicitada xa que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

Expediente 5308/2017. Solicitude sinalización

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 5319/2017. Solicitude sinalización

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 3750/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 3750/2017.- A P. P. P., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº 22-6ºB-Cangas, ¡ outorgar licenza para acondicionamento de baño existente en vivenda sita na Rocha, nº 14-San Pedro, de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto Teodoro de Francisco Antes, visado en data 15 de maio de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a trece mil setecentos cincuenta euros (13.750,00 €).

Expediente 4827/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4827/2017.- Outorgar a M. N. G. G., con enderezo a efectos de notificacións en Colonia Ciudad dos Periodistas, nº 3-3ºA-28034-Madrid, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural regulado pola Ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 94,37 m2., de semisoto, 92,50 m2., de planta baixa, 79,00 m2., de primeiro andar e 60,39 m2., de terrazas, en Santa Marta-, segundo o proxecto básico elaborado polo arquitecto Ricardo Salgado Salgado, de data xullo de 2017. A licenza outórgase condicionada á presentación do proxecto de execución visado polo colexio oficial correspondente, oficio co nomeamento do director de obra e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza e cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. O presuposto de execución material ascende a cento cincuenta e tres mil trescentos oitenta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (153.385,82 €), practicándose a liquidación provisional por importe de cento setenta e sete mil trescentos setenta e seis euros con sesenta e un céntimos (177.376,61 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

de 10 de agosto de 2017 por unha superficie de 9,75 m²., e fianza para respostar das obras de urbanización depositada en Abanca por importe de trescentos noventa e dous euros con setenta céntimos (392,70 €).

Expediente 303/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 303/2017.- Outorgar licenza de obra a C. J. P. P., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño As Trallas, nº 52-Castiñeirás, Pinténs-O Hío, para construción de caseta de 2,89 m²., piscina de 54,00 m²., e soleira de 144,00 m²., no lugar de Camiño As Trallas, nº 52-Castiñeirás, Pinténs-O Hío-Cangas, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico Santiago Gil Fernández, en data xaneiro de 2017. O presuposto de execución material ascende a once mil euros (11.000,00 €).

Expediente 4961/2017. Prórroga licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4961/2017 (EXPEDIENTE Nº 24.938.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.944).- Outorgar a CAMPING CAR AREA SL, con enderezo a efectos de notificacións en lugar O Barro, nº 2-Tomiño (36740) Pontevedra, prórroga da licenza de obras número 23.944, por un período de trinta e seis meses de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Expediente 1372/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1372/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. E. C. C., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Vista Alegre, nº 32-5ºB, para substitución de cerramento enfrente de parcela sita en Baixada a Arneles-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e os informes sectoriais obrantes neste. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos setenta e nove euros con setenta e tres céntimos (1.879,73 €).

Expediente 3223/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3223/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. P. S., con enderezo a efectos de notificacións en Travesía Oporto, nº 20 -5ºC-Santiago, para colocación de asador en parcela e aplacado parcial de muro da parcela sita en Baixada a Nerga,

Concello de Cangas



Concello de Cangas

nº 42, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil cincocentos oitenta e sete euros (1.587,00 €).

Expediente 5325/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5325/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. I. T. R. E J. R. P., con enderezo a efectos de notificacións en camiño de Refoxos, nº 78-O Espírito Santo-Coiro, respectivamente, para cambio de tella en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e a autorización da Deputación de Pontevedra de data 26.05.2017. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil noventa e un euros con corenta e catro céntimos (5.091,44 €).

Expediente 4795/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4795/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. A. G. G., con enderezo a efectos de notificacións en lugar Telleiro, nº 6ºB-Coiro, para cambio de material de cuberta en vivenda sita no lugar Telleiro, nº 6ºB-Coiro, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil douscentos euros (5.200,00 €).

Expediente 3657/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3657/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. J. G. B., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Vello, nº 5-Pinténs-O Hío, para reforma de planta baixa en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a doce mil catrocentos cincuenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos (12.455,63 €).

Expediente 5324/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5324/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS “EDIFICIO VISMAR”, con enderezo a efectos de notificacións en Aldea de Arriba, nº 1-Coiro, para reparación de canalón de cuberta en edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O

Concello de Cangas



presuposto de execución das obras ascende a nocecentos trinta e sete euros (937,00 €).

Expediente 5195/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5195/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. M. F. e D. G. P., con enderezo a efectos de notificacións no lugar de Cima de Vila, nº 19-Darbo, para realizar un cerramento na parcela sita na Madalena-Camiño da Fonte Pesada-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil euros (2.000,00 €).

Expediente 4732/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4732/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por MARKET CANGAS SL, con enderezo a efectos de notificacións en rúa O Espírito Santo, nº 6-4ºB-Coiro, para adaptación da planta alta de nave existente para bazar sita na Madalena, s/n-Polígono A Portela, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a sesenta mil setecentos setenta e un euros (60.771,00 €).

Unha vez rematadas as obras deberá presentar certificado final de obra e comunicación previa de inicio de actividade obxecto do expediente nº 4746/2017.

Expediente 5322/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5322/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE GARAXES "AVENIDA DE BUEU 38", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Bueu, nº 38-Cangas, para reparación de terraza (impermeabilizar patio) en edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dez mil dezaioito euros (10.018,00 €).

Expediente 4981/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4981/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. S. V.,



con enderezo a efectos de notificacións en Amiadoso, nº 72–Allariz, para cambio de material de cubrición e limpeza e encintado de fachadas en vivenda sita en rúa da Lagoíña, s/n-Piñeiro-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil cincocentos corenta e un euros con cincuenta e dous céntimos (5.541,52 €).

Expediente 5016/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5016/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. V. R., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Gondomar, nº 10-2ºB-Cangas, para reformas interiores en vivenda sita en rúa Florida, nº 13-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos euros (1.800,00 €).

Expediente 4286/2017. Comunicación previa ampliación de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4286/ 2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por EL POZO DE LOS TRES DESEOS CB, con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Sol, nº 5-baixo, Fonte do Galo, nº 3-baixo, para ampliación de actividade de librería infantil-xoguetería e animación lectora do local sito no referido lugar, vista a acta de inspección elaborada pola arquitecta municipal en data 9 de agosto de 2017.

Expediente 4583/2017. Comunicación previa ampliación de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4583/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. D. F., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Sol, nº 22-1º-Cangas, para ampliación da actividade de tenda de alimentación autorizada no expediente nº 1979/2016, a tenda de alimentación con degustación sita na Praza do Eirado do Señal, nº 14-baixo, vista a acta de inspección elaborada pola arquitecta municipal en data 9 de agosto de 2017.

Expediente 3327/2017. Comunicación previa para cambio de titularidade de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3327/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. S. D., con enderezo a efectos de notificacións en Retirosa, nº 82-Coiro, para cambio de titularidade



de café-bar sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-Cangas, que ata a data rexentaba D. N. P. (expediente nº 1.666/13). Vista a acta de inspección elaborada pola arquitecta municipal en data 9 de agosto de 2017.

Expediente 1340/2017. Infracción urbanística 25/2015 (MARTA SIO COSTAS)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 1340/2017

Procedemento: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Documento asinado por: o alcalde

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Nerga-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento de bloques e postes de formigón.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, ordenanza de aplicación, solo non urbanizable de protección de espazos naturais.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Marta Sío Costas, promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M. S. C. por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un cerramento de bloques e postes de formigón no lugar de Nerga-O Hío.



SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.-. Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente.

Expediente 4056/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución de aval por importe de sete mil catrocentos noventa e nove euros con vinte e cinco céntimos (7.499,25 €) depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones, SA", no expediente nº 23.560, licenza de obras nº 22.990.
Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 5163/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval depositado por J. R. C. S. L. e por M. C. R. C., por



importe de dous mil oitocentos setenta e seis euros con sesenta céntimos (2.876,60 €), no expediente nº 20.910, licenza de obras nº 20.769.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

Expediente 24/2017 (C-17/01). Proposta de adxudicación definitiva SAF

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente: C-17/01__24/2017

Contrato: Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

Procedemento: aberto, varios criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada

Asunto: proposta de adxudicación definitiva

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Cangas.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil "IDADES SL", por resultar esta a oferta economicamente a mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 9015 do día 31.07.2017) a documentación relativa á declaración responsable de vixencia e non variación na inscrición no Rexistro xeral de contratistas de Galicia, xustificante de pagos dos anuncios de licitación e que así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de setenta e catro mil oitocentos oitenta e dous euros con corenta e cinco céntimos (74.882,45 €) en forma aval bancario.

Visto que a periodicidade do Pleno Municipal, actuando como órgano de contratación legalmente establecido para a realización deste contrato, impide a súa convocatoria nas vindeiras datas e as razóns de interese xeral e social motivan a inmediata adxudicación do servizo.

A Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo, dando conta deste na vindeira sesión plenaria que se realice:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa "IDADES SL", o contrato do Servizo de Axuda no Fogar por importe de once euros con sesenta e catro céntimos (11,64 €/hora) (IVE non incluído) e demais condicións que se detallan na oferta presentada.

Segundo.- A duración deste contrato é de 3 anos, con efectos desde o día seguinte á sinatura do documento formalizador deste, sendo susceptible de 3 prórrogas de carácter anual cada unha delas.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións 231/22799 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a "IDADES SL", a adxudicación do contrato e citar aos seus representantes



para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear responsable do contrato ao empregado municipal Estanislao Graña García, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como, ao responsable do contrato e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se realice para os efectos de rectificación deste acordo.

Expediente 4510/2017. Concesión de subvención directa a ASPAMSIM

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de Alcaldía de 10 de agosto de 2017.

Visto que con data 28 de abril de 2017 foron aprobados os orzamentos nos que se consignaba con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.02, un importe de oito mil euros (8.000,00 €) para convenio coa Asociación de Pais de Minusválidos Psíquicos do Morrazo (ASPAMSIM).

Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

“a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.”

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar, con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.02 do orzamento de gastos do Concello, a seguinte subvención e formalizala no correspondente convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, á Asociación de Pais de Minusválidos Psíquicos do Morrazo (ASPAMSIM), para a realización das actividades propias do seu obxecto social, a cantidade de oito mil euros (8.000,00 €).

SEGUNDO.- Proceder á autorización e disposición do gasto por un importe de oito mil euros (8.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.02.

TERCEIRO.- Notificar aos interesados e requiririlles para a sinatura do convenio.



Concello de Cangas

Expediente 4722/2017. Dación conta do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

Dase conta do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar nos centros do CEIP A Rúa, CEIP Hío, CEIP Espiñeira-Aldán e CEIP Nazaret.

E entre outras cláusulas do convenio, a Consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar nos catro centros escolares mediante unha achega económica de noventa e seis mil cento vinte euros (96.120,00 €), dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2017: quince mil cento vinte euros (15.120,00 €).

Ano 2018: corenta e oito mil sesenta euros (48.060,00 €).

Ano 2019: trinta e dous mil novecentos corenta euros (32.940,00 €).

E o Concello asumirá o financiamento do custo dos comedores escolares dos centros citados en todo o que exceda da achega da Consellería.

Para a percepción da axuda correspondente a cada anualidade será necesario a xustificación por parte do Concello.

Expediente 2710/2017. Dación de conta da resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria s/promoción uso da lingua galega

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O DOG nº 145 de data do 1 de agosto de 2017, publica a Resolución do 11 de xullo de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 6 de abril, para a promoción do uso da lingua galega sendo beneficiario o Concello de Cangas cunha axuda polo importe de mil seiscentos trinta e tres euros 1.633,00 euros para a promoción de dinamización lingüística.

Deberá ser xustificada antes do 20 de outubro de 2017.

Expediente 535/2017. Dación conta da resolución da Axencia Turismo de Galicia de concesión de axuda para a promoción da Semana Santa.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O DOG nº 143 de data do 28 de xullo de 2017, publica a Resolución do 12 de xullo de 2017 da Axencia Turismo de Galicia pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, sendo o Concello de Cangas beneficiario cun importe de tres mil euros (3.000,00 €) para a promoción e difusión da Semana Santa-2017.

Expediente 3782/2017. POS 2017 Liña 1. Pago do contrato de subministración dunha rozadora de brazo articulado con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

Visto que con data 17.06.2017, tivo entrada a factura presentada por "MDC INGENIERIA SL", co nº 17007 por contía de vinte e un mil setecentos sesenta e sete euros con noventa céntimos (21.767,90 €), relativa á subministración dunha rozadora de brazo articulado con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias.

Visto que a sinalada factura foi conformada pola concelleira de Obras e Servizos en data de 26.06.2017.

Visto que con data 10 de agosto de 2017, emitiuse informe favorable por parte do interventor, á fiscalización previa, condicionada a que se proceda á sinatura da acta de recepción.

Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obrigación contida na factura presentada por "MDC INGENIERIA SL", co nº 17007, por contía de vinte e un mil setecentos sesenta e sete euros con noventa céntimos (21.767,90 €), relativa á subministración dunha rozadora de brazo articulado con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias.

SEGUNDO.- Ordenar o pago da sinalada factura con cargo á aplicación orzamentaria 170/62300.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á Intervención e á Tesourería Municipal.

Expediente 2288/2017. Comunicación previa en materia urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2288/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por ORANGE ESPAGNE SAU, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Forja, nº 1, para estación base de telefonía móbil na parcela 507 do polígono 13 sita en lugar das Fenteiras-Nerga-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e os informes sectoriais emitidos polo POL o pasado 14 de xuño e pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural en data 4 de



Concello de Cangas

agosto do ano que andamos. O presuposto de execución das obras ascende a trinta e catro mil trescentos setenta e seis euros (34.376,00 €).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a asociación cultural "O GATO" e o Concello de Cangas (XVIII FESTA FOLC DE VILARIÑO)

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL "O GATO" E O CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVER A "XVIII FESTA FOLC DE VILARIÑO" (EXERCICIO 2017)

REUNIDOS

Por unha banda, Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas do Morrazo, actuando no seu nome e representación, de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Por outra banda, Roberto González González, presidente da Asociación Cultural "O Gato", con domicilio en rúa David Cal, nº 13-Cangas, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 55.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente capacidade e abrogándose nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 m) da Lei 7/85 de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias a promoción da cultura, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións culturais da cidadanía.

SEGUNDO.- Que a Asociación Cultural "O Gato", é unha asociación sen ánimo de lucro, encargada de organizar e xestionar diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia.

TERCEIRO.- Que a Asociación Cultural "O Gato", organiza a Festa Folc de Vilariño desde a súa creación.

CUARTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

b) Aquelas cuxo otorgamiento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lies resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.

SEXTO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese por:

- 1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre os habitantes do Concello de Cangas.*
- 2. Desenvolver a "XVIII Festa folc de Vilariño", prevista para o 19 de agosto de 2017.*

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan para os efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Asociación Cultural "O Gato" organizará coa colaboración do Concello de Cangas a "XVIII Festa folc de Vilariño".

SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:

Aportar a cantidade de tres mil cincocentos euros (3.500,00 €) á Asociación Cultural "O GATO" para o desenvolvemento da "XVIII Festa folc de Vilariño", con cargo á partida 330.48.01 do orzamento municipal para o exercizo 2017, de conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xullo de 2017.

TERCEIRA.- A Asociación Cultural "O Gato" comprométese a:

- Executar no desenvolvemento da "XVIII Festa folc de Vilariño", o orzamento elaborado que se achega a este convenio.

- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración de espectáculos e actividades.

- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a



información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.

CUARTA.- A Asociación Cultural "O Gato" comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de tres meses posteriores á finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que serán os seguintes:

** Memoria detallada do programa da actividades desenvolvidas, con indicación de que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención e que os fondos foron destinados na súa integridade ao cumprimento desta.*

** Orzamento de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Cangas.*

Considerarase gasto realizado o que conste como efectivamente pagado antes da fin do período de xustificación da subvención, polo que deberá acreditarse o pagamento efectivo dos diferentes gastos antes da fin dese período.

** Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Cangas, coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.*

** Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e de calesquera outros ingresos destinados ao financiamento da actividade (exemplo: venda de entradas, ingresos por comercialización de efectos, etc.).*

** Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin ser debedor por obrigas de reintegro de subvencións.*

** Certificación da conta bancada na que se solicita o ingreso da subvención.*

Tanto na memoria coma nos documentos que integran a xustificación, presentaranse asinados e identificando debidamente á persoa asinante, que se fará responsable da veracidade e exactitude dos datos consignados na sinalada documentación.

QUINTA.- Establécese a obrigación por parte da Asociación Cultural "O Gato", de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



Concello de Cangas

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a 10 de agosto de 2017.”

Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural MORRAZICA e o Concello de Cangas (VIII KANEKAS METAL FEST-2017)

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL MORRAZICA E O CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVER O "VIII KANEKAS METAL FEST EXERCICIO 2017"

REUNIDOS

Por unha banda, Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas do Morrazo, actuando no seu nome e representación, de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Por outra banda, Marco Antonio Gandón Varela, presidente da Asociación Cultural MORRAZICA, con domicilio en rúa Camiño Vello de San Roque, nº 32-ático dereita, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 51.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente capacidade e abrogándose nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 m) da Lei 7/85, de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias a promoción da cultura, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións culturais da cidadanía.

SEGUNDO.- Que a Asociación Cultural MORRAZICA é unha asociación sen ánimo de lucro, encargada de organizar e xestionar diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción da música.

TERCEIRO.- Que a Asociación Cultural MORRAZICA organiza o “KANEKAS METAL FEST” desde a súa creación.

CUARTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*
- b) Aquelas cuxo otorgamiento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.

SEXTO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese por:

1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre os habitantes do Concello de Cangas.

2. Desenvolver o "VIII KANEKAS METAL FEST", previsto para o 29 de xullo de 2017.

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan aos efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Asociación Cultural MORRAZICA organizará coa colaboración do Concello de Cangas o "VIII KANEKAS METAL FEST".

SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:

- Aportar a cantidade de tres mil cincocentos euros (3.500,00 €) á Asociación Cultural MORRAZICA para o desenvolvemento do Kanekas Metal Fest, con cargo á partida 330.48.01 do orzamento municipal para o exercizo 2017, de conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xullo de 2017.

TERCEIRA.- A Asociación Cultural MORRAZICA comprométese a:

- Executar no desenvolvemento do KANEKAS METAL FEST o orzamento elaborado que se achega a este convenio.

- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración de espectáculos e actividades.

- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo limo. Concello, nos exemplares dos programas, carieís, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.



CUARTA.- A Asociación Cultural MORRAZICA comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de tres meses posteriores a finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que serán os seguintes:

** Memoria detallada do programa da actividades desenvolvidas, con indicación de que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención e que os fondos foron destinados na súa integridade ao cumprimento desta.*

** Orzamento de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Cangas.*

Considerarase gasto realizado o que conste como efectivamente pagado antes da fin do período de xustificación da subvención, polo que deberá acreditarse o pagamento efectivo dos diferentes gastos antes da fin dese período.

** Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Cangas, coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.*

** Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e de calesquera outros ingresos destinados ao financiamento da actividade (exemplo: venda de entradas, ingresos por comercialización de efectos, etc.)*

** Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin ser debedor por obrigas de reintegro de subvencións.*

** Certificación da conta bancaria na que se solicita o ingreso da subvención.*

Tanto a memoria coma os documentos que integran a xustificación, presentaranse asinados e identificando debidamente á persoa asinante, que se fará responsable da veracidade e exactitude dos datos consignados na sinalada documentación.

QUINTA.- Establécese a obrigación por parte da Asociación Cultural MORRAZICA de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a 28 de xullo de 2017.”



Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a Asociación de JAZZ DE CANGAS e o Concello de Cangas (XX FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE CANGAS-2017)

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE JAZZ DE CANGAS E O CONCELLO DE CANGAS PARA DESENVOLVER O "XX FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE CANGAS" (EXERCICIO 2017)

REUNIDOS

Por unha banda, Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde-presidente do Concello de Cangas do Morrazo, actuando no seu nome e representación, de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Por outra banda, Xan Campos Rial, presidente da Asociación de Jazz de Cangas, domicilio en rúa Fondelo, nº 38 de Cangas, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 62.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente capacidade e abrogándose nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 m) da Lei 7/85, de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias a promoción da cultura, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións culturais da cidadanía.

SEGUNDO.- Que a Asociación de Jazz de Cangas é unha asociación sen ánimo de lucro, encargada de organizar e xestionar diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia.

TERCEIRO.- Que a Asociación de Jazz de Cangas organiza o "XX Festival Internacional de Jazz de Cangas".

CUARTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrència competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*
- b) Aquelas cuxo otorgamiento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*
- c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que*



dificulten a súa convocatoria pública.

QUINTO.- Que, segundo o artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.

SEXTO.- Que ámbalas partes manifestan un mutuo interese por:

- 1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre os habitantes do Concello de Cangas.*
- 2. Desenvolver o "XX Festival Internacional de Jazz de Cangas", previsto para os días 20 ao 23 de agosto de 2017.*

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan aos efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Asociación de Jazz de Cangas organizará, coa colaboración do Concello de Cangas, o "XX Festival Internacional de Jazz de Cangas", previsto para os días 20 a 23 de agosto de 2017.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:

- Aportar a cantidade de seis mil euros (6.000,00 €) á Asociación de Jazz de Cangas para o desenvolvemento do "XX Festival Internacional de Jazz de Cangas", con cargo á partida 330.48.01 do orzamento municipal para o exercizo 2017, de conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía de 10 de agosto de 2017.*

TERCEIRA.- A Asociación de Jazz de Cangas comprométese a:

- Executar no desenvolvemento do "XX Festival Internacional de Jazz de Cangas" o orzamento elaborado que se achega a este convenio.*
- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración de espectáculos e actividades.*
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.*
- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.*

CUARTA.- A Asociación de Jazz de Cangas comprométese, así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de tres meses posteriores a finalización do evento, os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que serán os seguintes:



** Memoria detallada do programa da actividades desenvolvidas, con indicación de que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención e que os fondos foron destinados na súa integridade ao cumprimento desta.*

** Orzamento de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Cangas.*

Considerarase gasto realizado o que conste como efectivamente pagado antes da fin do período de xustificación da subvención, polo que deberá acreditarse o pagamento efectivo dos diferentes gastos antes da fin dese período.

** Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Cangas, coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.*

** Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e de calesquera outros ingresos destinados ao financiamento da actividade (exemplo: venda de entradas, ingresos por comercialización de efectos, etc.).*

** Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin ser debedor por obrigas de reintegro de subvencións.*

** Certificación da conta bancaria na que se solicita o ingreso da subvención.*

Tanto a memoria coma os documentos que integran a xustificación, presentaranse asinados e identificando debidamente á persoa asinante, que se fará responsable da veracidade e exactitude dos datos consignados na sinalada documentación.

QUINTA.- Establécese a obrigaón por parte da Asociación Cultural "O Gato", de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigaóns establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a 10 de agosto de 2017."



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850